El Parque Histórico fala

"PALABRAS VIVAS"

Las Redes

NAVIA

DL: AS 03288-2023

Las Redes



ESCANEA ESTE CÓDIGO
Y ACCEDE A OS VÍDEOS
DE “PALABRAS VIVAS”.

Las Redes
Por **Berta González Suárez**
(Santa Marina, 1958)

1. Quén nos informa

Berta é la mayor de dúas ermás. De nova estudióu un curso de corte y confección y empezóu a trabayar con úa modista nel sou taller, llabor que desempeñóu durante doce anos. Tras el peche del taller, foise a trabayar como redeira nel Cascadero, unde tuvo por máis de vente anos. Foi neste trabayo unde aprendéu todas las “Palabras Vivas” d'este oficio cuyas trabayadoras eran sempre muyeres.

Muyer mui activa, pasóu tamén us anos trabayando nel servicio doméstico de varias casas, fexo cursos de carpinteiría y gústaye muito ller, la costura, las manualidades, la fotografía y bañarse nel mar.

Berta forma parte de la “Comisión de Fiestas de Santa Marina” y tamén lleva máis de vente anos encargándose del cuidao del igresia de Santa Marina, un de los elementos patrimoniales máis importantes del conceyo de Navia, asina como de la confección de parte de las alfombras florales que se poin en “Corpus Christi”.



2. “Palabras Vivas” de las Redes

Nel arte de la pesca foi fundamental el uso de las redes. Este era un trabayo mayoritariamente de muyeres que confeccionaban, reparaban y mantían los aparexos de pesca. Las redeiras ou **afeitadoras** fían un llabor fundamental que vén existindo dende el siglo XIX con muita tradición na nosa comarca. Asturias é úa de las Comunidades Autónomas con máis presencia d'estas trabayadoras, peró máis antigamente estas reparacióis vían féndolas los propios marineiros. Nun foi hasta mediaos del siglo XIX que las muyeres empezan a desempeñar este trabayo.

La redeira é úa profesión manual de muita cualificación y que, sin embargo, anque teñan muita destreza, nunca foi úa profesión con abondo reconocemento profesional. Condo Berta empezóu a trabayar nel Cascadero foron las muyeres que llevaban allí varios anos las que ye enseñaron el oficio, núa tresmisión interxeneracional de conocementos colos que Berta continuóu tempo despóis condo entraron a trabayar muyeres máis novas qu'ella. Estos conocementos tresmítense de xeito oral a las nenas máis novas, que muitas veces empezan a practicar alredor de los deceséis anos.

Las Redes

Veiga é un de los poblos con mayor tradición pesqueira del conceyo de Navia, pollo que se fía necesario ter trabayadoras que coseran las redes que durante las duras faenas de trabayo s'iban rompendo. El llugar unde se llevan a cabo las llabores de confección y arreglo de las redes en Veiga, como noutros muitos poblos, era el propio porto.

La pesca con rede ten abondas modalidades según la especie de peixe a las que van dirixidas; las diferencias principales tán na forma y nel tamaño de las redes, nel númaro de paños de rede y en lo grandes que sían los furaos d'ésta, tamén chamaos **lluz de maya**.

Berta cunta qu'antias las redes eran d'algodón, esparto, cáñamo, sisal ou de seda, intentando que tuvesen úa densidá menor que la del augua pra facilitar la súa tracción, peró na actualidá son de fibras sintéticas como el nailon ou el perlón, xa qu'estos materiales son resistentes anque la calidá é pior.

A mediaos del siglo XX é condo s'empezan a mercar los paños prefabricaos.

A) TIPOS D'APAREYOS

Si la rede é d'un solo **paño** (el paño é el corpo de la rede) poden ser:

- El **rasgo**, rede que ten úa maya mui grande con paños d'us cuarenta centímetros y col filo máis gordo; úsase muito pra coyer pixín, anque tamén cae nellas muito marisco.
- La **volanta**, faise con maya mui fina y paños llargos d´us cen metros y que normalmente s'usa pra la pesca de la merluza (antias chamada pescada ou pixuota, y que dá nome a los vecíos de los portos). La volanta fáise con un filo fino de nailon qu'agora xa naide cose, y que si se rompe pícase el paño y ponse outro novo, al salir máis barato fer esto qu'andar remendando y cosendo de novo la volanta.
- La **volantiya**, qu'é máis pequena y úsase pra la pesca del salmonete y de la pescadiya.
- Los **trasmayos**, úsanse núa pesca máis variada (la merluza, la maragota, la faneca...) y lleva dúas redes grandes por fora, cola corda del apareyo máis gorda y la maya máis grande, con outra pequena y máis fina por dentro.

B) TIPOS D'AGUYAS

Pra fer estos trabayos, las muyeres tías dous tipos d'aguyas: el **aguya grande** y el **aguya pequena**, dependendo de lo que se quixese arreglar. En conto al filo, cuase sempre eran d'algodón ou cáñamo pra la súa confección, peró na actualidá úsase el nailon.

C) TIPOS DE ROTURAS NOS APAREYOS

Las redes de pesca estropéanse durante el trabayo por muitas causas: fortes correntes, raventóis pol peso de los peixes nas redes, maniobras incorrectas, etc. Debido a las muitas roturas que pode ter úa rede, existen diferentes nomes pra chamallas:

- El **rasgón**, qu'é úa abertura na rede que se cose pra volver a unilla.
- El **remendo**, qu'é condo la rede perde úa peza importante, de varios metros, y teis qu'añadirye un pedazo grande de pano novo.

El oficio de las redeiras sigue tando na actualidá en activo, sobre todo nas comunidades d'Asturias y Galicia, sendo un trabayo que, pol momento, nun ten trazas d'esqueicerse.

3. Llibros recomendaos

- Federación Galega de redeiras artesás O Peirao (2003). *Estudo das condicións de traballo das redeiras galegas*.

- Fundación Parque Histórico del Navia (2011). *Memoria de las manos: una muestra de oficios tradicionales en el Navia-Porcía / Memoria das maus: úa mostra d'oficios tradicionales nel Navia-Porcía*, pp. 63-70.

- Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (2012). *Rederas: un oficio desconocido*.

Parque histórico del Navia

Las Redes
NAVIA

El Parque Histórico fala

"PALABRAS VIVAS"

Goberno del Principao d'Asturias

Conseyeiría de Cultura,
Política Llingüística y Turismo

Actividá subvencionada pola Conseyeiría de Cultura,
Política Llingüística y Turismo